

EXPTE: 2026/S012/000001

ASUNTO: "CONCILIA ENTROIDO E CONCILIA SEMANA SANTA 2026" DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL

TRÁMITE: BASES E ANEXO I

Artigo 1. CONTIDOS:

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais convoca o "Concilia Entroido e Concilia Semana Santa 2026", un espazo socioeducativo de lecer e de apoio á infancia para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e fomentar a corresponsabilidade. Neste espazo traballarase cos nenos e nenas arredor da igualdade, a corresponsabilidade e a prevención da violencia a través de diversos obradoiro e actividades.

Artigo 2. PERSOAS DESTINATARIAS:

O servizo está dirixido a nenas e nenos de entre 3 e 12 anos (ca idade cumprida no momento de inicio da actividade) empadroadas/os no Concello de Dodro. De non cubrirse as prazas poderán ir nenos/as non empadroados/as que residan en Dodro, que teñan avós/as en Dodro ou que estean escolarizados nos centros educativos do concello.

Artigo 3. HORARIOS E DATAS:

O CONCILIA ENTROIDO desenvolverase os días 16,17 e 18 de febreiro, en horario de 9:00h a 14:00 horas. O CONCILIA SEMANA SANTA desenvolverase os días 30, 31 de marzo e 1 de abril, en horario de 9:00h a 14:00 horas.

Artigo 4. NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas que se oferta é de 20 prazas para Concilia Entroido e 20 prazas para Concilia Semana Santa.

Reservarase un 5% das prazas para casos de emerxencia social.

Artigo 5. INSCRICIÓNS:

Formalización da solicitude. A inscrición realizarase cubrindo a ficha de inscrición (Anexo I das Bases) e aportando a documentación que se require na mesma.

- Prazo de inscrición Concilia Entroido abarca do 30 de xaneiro ao 6 de febreiro no Rexistro Xeral do Concello ou Sede electrónica, con hora límite das 14.00h; mediante o impreso de solicitude debidamente cumprimentado (Anexo I). Logo da publicación da listaxe provisional estableceranse 1 día natural para presentar as alegacións pertinentes ou proceder á emenda da documentación presentada. Unha vez finalizado o prazo de subsanación publicarase a listaxe definitiva. A listaxe definitiva sairá publicada o 10 de febreiro de 2026.
- Prazo de inscrición Concilia Semana Santa abarca do 9 de xaneiro ao 16 de marzo no Rexistro Xeral do Concello ou Sede electrónica, con hora límite das 14.00h; mediante o impreso de solicitude debidamente cumprimentado (Anexo I). Logo da publicación da listaxe provisional estableceranse 1 día natural para presentar as alegacións pertinentes ou proceder á emenda da documentación presentada. Unha vez finalizado o prazo de subsanación publicarase a listaxe definitiva. A listaxe definitiva sairá publicada o 18 de marzo de 2026.

Documentación a presentar:

- Impreso de solicitude debidamente cumprimentado. Anexo I.

Artigo 6. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES:

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o baremo, no caso de existir maior demanda que oferta. Só no caso de haber máis demanda que oferta solicitarase no prazo de 2 días ás persoas inscritas aporten a seguinte documentación:

- Libro de familia
- DNI e tarxeta sanitaria do/a menor participante.
- Certificado médico (só no caso de padecer enfermidade que deba ser reflectida)
- IRPF de ambos proxenitores ou titores/as legais do ano 2024 ou no seu defecto certificación negativa de Facenda.
- Fotocopia do documento acreditativo da discapacidade, de ser o caso.

- Fotocopia do documento acreditativo de ser familia monoparental/monomarental ou numerosa.
 - Documento xustificativo da situación laboral de ambos proxenitores/as ou titores/as legais (vida laboral actual, tarxeta como persoa demandante de emprego, recibo de autónomos actual, nómina actual ou certificado de empresa) ou declaración responsable.
 - Informe Social (so en caso de pertencer a colectivos vulnerables).
- Outra documentación relevante acreditativa de outras situacións familiares (familia vítima de violencia de xénero, resolución de dependencia, sentenza xudicial...)

BAREMO

6.1. SITUACIÓN DE OCUPACIÓN E FAMILIAR

Situación de ocupación dos membros parentais:	
Nai	4 puntos
Pai	4 puntos
No caso de familias monoparentais a puntuación asímíase a formada por dous membros	
Violencia de xénero	3 puntos
Pola condición de familia monoparental	3 puntos
Pola condición de familia numerosa	3 puntos
Por pertenza a un colectivo de exclusión social	2 puntos

6.2. SITUACIÓN ECONÓMICA:

Ingresos netos da unidade familiar dividido entre o núm. de membros que a compoñen.
RPC mensual referida ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente (2026):

Inferior ó 50% do IPREM: 300,00€	+ 3 ptos
Entre o 50% e o 75% do IPREM : 300,00€ - 450,00€	+ 2 ptos
Superior ó 75% e inferior ó 100% do IPREM : 450,01€ - 600,00€	+1 pto
Entre o 100% e o 150% do IPREM: 600,00€ - 900,00€	- 1 pto
Superior ó 150% do IPREM: 900,01€	- 2 ptos

O criterio económico servirá de desempate no caso que sexa necesario.

Membros computables da unidade familiar.

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, a persoa que exerza a tutela sobre a/o menor
- b) as/os fillas/os menores de idade con excepción das/os emancipadas/os
- c) as/os fillas/os maiores de idade con discapacidade ou incapacitadas/os xudicialmente suxeitas/os á patria potestade prorrogada ou rehabilitada
- d) as/os fillas/os solteiras/os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar
- e) a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida
- f) a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora da/o menor

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo

pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior

3. Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co/a menor nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Artigo 7. PROCESO DE SELECCIÓN:

- Baremación das solicitudes e documentación segundo o previsto no artigo 5 e 6 destas bases.

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: A concelleira delegada da área correspondente, ou persoa en quen delegue.

- Vogais:

- A traballadora social titular do Concello de Dodro, ou na súa ausencia o/a empregado/a pública que a substitúa.
- A traballadora social do Concello de Dodro, ou na súa ausencia un/unha empregado/a público/a que o substitúa.
- A técnico de servizos sociais do Concello de Dodro, ou na súa ausencia un empregado/a pública que o substitúa.

Nas comisións actuará como secretario/a, un técnico da administración xeral do Concello.

E se procederá á emisión do informe da comisión avaliadora coa resolución provisional en función do cumprimento dos requisitos esixidos, que conterá a relación de solicitudes coas puntuación obtidas, e as denegadas e as súas causas. Este listado publicárase no taboleiro da sede electrónica do Concello unicamente co número do documento de identidade anonimizado que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude e o número de referencia da mesma (que será facilitado no momento da presentación).

Unha vez publicada a resolución provisional, as/os solicitantes, disporán dun prazo de 1 día natural, a contar dende o seguinte ao da publicación, para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións e documentación presentada, dictarase resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo aos parágrafos anteriores, a resolución provisional terá automaticamente o carácter de definitiva.

Artigo 8. LISTAXE DE AGARDA:

No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda das solicitudes excluídas, que seguirá a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección dos/as admitidos/as.

As/os menores en espera irán entrando no servizo seguindo estritamente a orde na que figuren na lista correspondente e en función das baixas que se produzan a actividade

Aquelas solicitudes rexistradas fóra do prazo de inscrición serán incorporadas ao final da lista de agarda por rigorosa orde de entrada no Rexistro de Servizos Xerais ou Sede electrónica do Concello.

Artigo 9. CUSTO DA ACTIVIDADE:

A actividade é gratuíta, asumindo o Concello os custes da mesma.

Artigo 10. DEREITO DE ADMISIÓN:

O Concello reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva das/os nenas/os que se comporten de forma incorrecta ou que as/os súas/seus proxenitoras/es ou titoras/es non respecten estas bases e as normas básicas de convivencia e colaboración, ou fagan un uso abusivo dos servizos en detrimento dos dereitos da/o menor. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia ás nais, pais ou titoras/es das/os menores.

É condición indispensable para poder optar a praza nas actividades de Conciliación Municipal de Dodro a colaboración das persoas solicitantes nos diversos procesos de recollida de documentación e na verificación dos datos, incluso con posterioridade á finalización da actividade.

Artigo 11. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

O servizo dará comezo ás 9:00h (cun marxe de 30min de 9,00h a 9,30h para a recepción das persoas participantes) e finalizarán ás 14:00h (30min de marxe de recollida, de 13,30h a 14,00h como hora límite), polo que a responsabilidade do control e coidado das/os participantes por parte do monitoraxe responsable, comprenderá exclusivamente esa franxa horaria.

Se por calquera motivo xustificable o/a participante necesitara facer a incorporación ou saída da actividade fóra do horario establecido, deberá avisar previamente á persoa responsable da mesma, que será quen se encargue de levar a cabo dita labor de maneira menos perxudicial para o desenvolvemento das actividades programadas.

A situación de falta inxustificada á actividade por 3 xornadas será rexistrado e poderá terse en conta no outorgamento de praza e de acordo aos criterios de vindeiras actividades dentro do Programa de Conciliación municipal.

Artigo 12.-ACEPTACIÓNS E COMPROMISOS:

A inscrición no programa implica a aceptación e o compromiso destas normas.

Documento asinado dixitalmente

Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais

María Teresa Batalla Romero

ANEXO I

INSCRICIÓN XERAL- CONCILIA ENTROIDO 2026

DÍAS 16, 17 E 18 FEBREIRO

SOLICITANTE NOME E APELIDOS			
NOME DO/A MENOR			
DATA DE NACEMENTO (MENOR)			
DNI	TELÉFONO/S		
ENDEREZO			
AUTORIZO AO CONCELLO DE DODRO A:			NON AUTORIZ O
QUE ME FAGA CHEGAR TODO TIPO DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS SÚAS ACTIVIDADES			
A CAPTACIÓN DE FOTOGRAFÍAS, GRAVACIÓN DE IMAXES E O REXISTRO DE SON DAS ACTIVIDADES NAS QUE APAREZA O MENOR, E A DIFUSIÓN DAS MESMAS			
QUE TODOS OS DATOS PERSOAIS RECOPIADOS NA FOLLA DE INSCRICIÓN SEXAN INCLUÍDOS NUNHA BASE DE DATOS DE XESTIÓN MUNICIPAL			

Dodro ____ de _____ de 2026

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Dodro, LUGAR DE TALLÓS Nº 32, 15981 -

DODRO (A CORUÑA); info@dodro.gal	
Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE DODRO	Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en info@dodro.gal
Finalidade do tratamento	Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade CONCILIA ENTROIDO 2026 , así como a xestión administrativa derivada da mesma.
USO DE MATERIAL FOTOGRÁFICO/AUDIOVISUAL	Gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías e material audiovisual nas redes sociais, web do Concello (www.dodro.gal), así como nas exposicións físicas que se fagan por parte do Concello. Por favor, risque a casilla que se axuste aos permisos que quere darnos:
Si	dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
☐	Non dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
Prazo de conservación	Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en calquera caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescrición de posibles acción de responsabilidade derivadas do tratamento.
Lexitimación	Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.
Destinatarios de cesións	Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de función directamente relacionadas cos fins lexítimos do negociado de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades: • Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociación, ONG's...) colaboradoras do CONCELLO DE DODRO directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste Concello. • Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo o servizo para o que se lle contratou. • Concellos distintos do CONCELLO DE DODRO, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local. • Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral aos usuarios/as. • Órganos xurisdiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.
Dereitos	Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE DODRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalación ou por correo electrónico en info@dodro.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías: - Sede electrónica: www.aepd.es - Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 - Madrid - Teléfono: 901 100 099 - 91 266 35 17

INSCRIPCIÓN XERAL- CONCILIA SEMANA SANTA 2026

DÍAS 30 E 31 DE MARZO E 1 DE ABRIL

SOLICITANTE NOME E APELIDOS		
NOME DO/A MENOR		
DATA DE NACEMENTO (MENOR)		
DNI	TELÉFONO/S	
ENDEREZO		
AUTORIZO AO CONCELLO DE DODRO A:		NON AUTORIZO
QUE ME FAGA CHEGAR TODO TIPO DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS SÚAS ACTIVIDADES		
A CAPTACIÓN DE FOTOGRAFÍAS, GRAVACIÓN DE IMAXES E O REXISTRO DE SON DAS ACTIVIDADES NAS QUE APAREZA O MENOR, E A DIFUSIÓN DAS MESMAS		
QUE TODOS OS DATOS PERSOAIS RECOPIRADOS NA FOLLA DE INSCRICIÓN SEXAN INCLUÍDOS NUNHA BASE DE DATOS DE XESTIÓN MUNICIPAL		

Dodro ____ de ____ de 2026

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Dodro, LUGAR DE TALLÓS Nº 32, 15981 - DODRO (A CORUÑA); info@dodro.gal	
Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE DODRO	Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en info@dodro.gal
Finalidade do tratamento	Os datos serán utilizados para facerlle participe da actividade CONCILIA SEMANA SANTA 2026 , así como a xestión administrativa derivada da mesma.
USO DE MATERIAL FOTOGRÁFICO/AUDIOVISUAL	Gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías e material audiovisual nas redes sociais, web do Concello (www.dodro.gal), así como nas exposicións físicas que se fagan por parte do Concello. Por favor, risque a casilla que se axuste aos permisos que quere darnos:
☒ Si	dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
☐ Non	dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
Prazo de conservación	Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en calquera caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescrición de posibles acción de responsabilidade derivadas do tratamento.
Lexitimación	Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.
Destinatarios de cesións	Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de función directamente relacionadas cos fins lexítimos do negociado de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades: • Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociación, ONG's...) colaboradoras do CONCELLO DE DODRO directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste Concello. • Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo o servizo para o que se lle contratou. • Concellos distintos do CONCELLO DE DODRO, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local. • Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral aos usuarios/as. • Órganos xurisdicionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.
Dereitos	Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE DODRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalación ou por correo electrónico en info@dodro.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías: - Sede electrónica: www.aepd.es - Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 - Madrid - Teléfono: 901 100 099 - 91 266 35 17